

II CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN E RECOÑECIMENTO DE GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE (GID) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

Co obxectivo xeral de contribuír á mellora da calidade do ensino e á renovación do modelo educativo nos títulos oficiais de grao e de mestrado da Universidade da Coruña, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente (VOAID) adopta o compromiso de recoñecer e de fomentar o labor realizado por todos aqueles grupos que contribúan a implantar experiencias innovadoras nas súas prácticas docentes a través da creación de grupos de innovación docente (GID), anteriormente denominados grupos de innovación educativa (GIE). Esta iniciativa ten como propósito o que segue:

- a) Promover a participación do profesorado en accións de innovación educativa.
- b) Fomentar o traballo colaborativo e o traballo interdisciplinar mediante asociacións estables de profesores que favorezan a actualización permanente e o desenvolvemento profesional docente.
- c) Darlles unha maior proxección e unha maior difusión ás actividades de innovación educativa da UDC para adquirir máis presenza nos foros educativos nacionais e internacionais.
- d) Mellorar o impacto dos procesos de ensino-aprendizaxe e, en xeral, a calidade do ensino que se imparte na UDC.

I. OS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE (GID)

1. Definición

Un grupo de innovación docente (GID) é un grupo de membros do persoal docente e investigador (PDI) da UDC que, organizados como colectivo estable, desenvolven accións dirixidas á formación, á innovación e á mellora continuada da docencia universitaria no marco das titulacións oficiais de grao e de mestrado da UDC.

2. Liñas prioritarias de actuación

En coherencia cos obxectivos do Plan estratéxico UDC 2020, fíxase unha serie de liñas de traballo prioritarias para o desenvolvemento de proxectos de innovación. Estas liñas de actuación, que teñen a finalidade de xerar un impacto real na transformación e na renovación dos procesos de ensino-aprendizaxe na UDC, son as que seguen:

- Liña 1. Metodoloxías activas en docencia presencial e semipresencial
- Liña 2. Procesos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe
- Liña 3. Titorización e atención ao estudantado
- Liña 4. Uso e aplicación de recursos tecnolóxicos para a mellora da aprendizaxe
- Liña 5. Responsabilidade social universitaria
- Liña 6. Emprendemento e empregabilidade
- Liña 7. Instrumentos e recursos para a mellora da organización e do desempeño docente
- Liña 8. Accións de divulgación e transferencia do coñecemento á sociedade

Estas liñas de traballo serán flexibles e non excluíntes, é dicir, un mesmo proxecto poderá traballar varias liñas ao mesmo tempo de forma transversal.

Excepcionalmente, os GID poderán adscribirse a novas liñas de actuación diferentes das arriba sinaladas. Neste caso, deberán acompañar a solicitude para o seu recoñecemento como grupo dunha xustificación do interese, a relevancia e a oportunidade desas liñas de actuación propostas.

3. Denominación e liñas de acción dos GID

Cada GID adoptará unha denominación propia acorde co seu ámbito de traballo e identificará as principais liñas e as principais temáticas de innovación en que se sitúa. Esta información quedará especificada no formulario de rexistro dos grupos xunto cos demais datos que se solicitan (anexo I).

4. Requisitos de composición dos GID

Os GID deberán estar constituídos, como mínimo, por tres membros do PDI que impartan docencia nos títulos oficiais de grao ou de mestrado da UDC. Non se fixa un número máximo de membros, pero o tamaño do GID deberá axustarse aos obxectivos e á envergadura do proxecto. Cada docente só poderá estar adscrito a un GID.

Poderán tamén formar parte dos GID, como membros colaboradores:

- a) Persoal de administración e servizos da UDC
- b) Bolseiros e bolseiras posdoutorais
- c) Doutorandos e doutorandas da UDC
- d) Docentes doutras universidades nacionais ou internacionais
- e) Docentes doutras institucións educativas non universitarias
- f) Persoal contratado con cargo a proxectos de investigación
- g) Profesorado emérito e honorario

Cada GID nomeará unha persoa coordinadora, que deberá ser un membro do PDI con vinculación permanente á UDC. Serán funcións da persoa coordinadora dun GIE as seguintes:

- Exercer a representación do grupo de innovación que coordina.
- Dar de alta e de baixa os membros do grupo
- Manter actualizada a ficha de rexistro do grupo.
- Elaborar e presentar a memoria anual de resultados do grupo.

II. PROCEDIMENTO

5. Prazo de presentación de solicitudes

5.1. Constitución dun novo GID

A solicitude para a constitución dun novo GID deberá formularse no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, para o cal cubrirá o formulario que se recolle no anexo I.

5.2. GID consolidados

Teñen a consideración de GID consolidados os grupos creados ao abeiro de convocatorias anteriores cuxa actividade fose avaliada positivamente.

Os GID consolidados non presentarán a solicitude de alta, sempre que na memoria anual presentada para a xustificación da súa actividade aparezan especificados os cambios efectuados no grupo, así como tamén a súa vontade de continuar en activo no presente curso.

No caso de que esta información non fose especificada na memoria anual poderán presentar por rexistro o formulario do anexo I para os efectos de continuar como GID para a convocatoria de 2019.

5.3. Publicación da relación de GID da UDC

Nos dez días seguintes ao remate do prazo de recepción de solicitudes de constitución ou modificación de grupos, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente publicará na Sede Electrónica da UDC a listaxe provisional cos datos de todos os GID rexistrados. No prazo de dez días, as persoas interesadas poderán instar a rectificación dos erros ou formular as alegacións que consideren convenientes.

6. Xustificación da actividade dos GID

Entre os días 2 de setembro e o 7 de outubro de 2019 a persoa coordinadora do GID deberá presentar ante a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, unha memoria que recolla os obxectivos marcados, as actividades realizadas e os resultados obtidos polo grupo. Esta memoria reflectirá tamén todos aqueles cambios que se puidesen producir no grupo durante ese período.

Se un GID non rexistra ningunha actividade durante un ano ou non presenta a memoria de resultados segundo o modelo que se publicará na páxina web do CUFIE, requiriráselle para que o faga no prazo concedido para tal efecto, coa advertencia de que, en caso contrario, se procederá á súa disolución e exclusión da relación de grupos de innovación docente.

7. Avaliación da actividade dos GID

7.1. Constitución da Comisión Asesora de Innovación Educativa (CAIE)

A avaliación da actividade dos GID será competencia da Comisión Asesora de Innovación Educativa (CAIE). As persoas que integran esta comisión serán nomeadas pola persoa responsable da VOAID co fin de colaborar no proceso de avaliación das memorias de actividade dos GID, ben como para interpretar e velar polo cumprimento desta normativa.

A CAIE estará formada por un membro do PDI de cada rama de coñecemento, pola persoa encargada da dirección do CUFIE, un membro do persoal técnico do CUFIE e un membro do persoal técnico da Unidade Técnica de Calidade.

A CAIE ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) revisar e valorar as solicitudes de constitución e as memorias anuais presentadas por cada GID;
- b) velar polo cumprimento das actuacións que cada grupo se comprometa a emprender e pola consecución dos logros que se propoña acadar en relación coas liñas de actuación a que se adscriba;
- c) e valorar as solicitudes de modificacións na composición dun GID, así como as propostas de fusión de GID, se as houber.

7.2. Criterios de valoración

A CAIE baseará a súa valoración das memorias presentadas nos criterios seguintes:

- a) a coherencia entre os obxectivos propostos e os resultados obtidos polo grupo,
- b) a orixinalidade e o carácter innovador das actividades realizadas,
- c) a concreción das evidencias presentadas sobre as melloras obtidas, e
- d) a capacidade de transferencia dos resultados a outros ámbitos de coñecemento ou titulacións da UDC.

7.3. Prazos de resolución

Nos 30 días seguintes ao remate do prazo de entrega de memorias de actividade, a CAIE notificará ás persoas coordinadoras a proposta de avaliación para que, no prazo de dez días, formulen as alegacións que estimen conveniente. Á vista das alegacións realizadas, a CAIE ditará a avaliación definitiva no prazo de dez días. A listaxe dos GID avaliados positivamente publicárase na Sede Electrónica da UDC.

As avaliacións definitivas poderán ser recorridas ante a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente no prazo dun mes que comezará a contar no momento da súa notificación.

8. Cambios e continuidade dos GID

A persoa coordinadora do GID deberá manter informada á VOAID permanentemente de calquera cambio referente a aspectos como: altas ou baixas de membros que o compoñen, persoa que coordina o grupo, liñas de actuación, baixa ou fusión do grupo con outro etc.

Cumprido o primeiro ano de actividade dun GID, sempre e cando a súa valoración fose positiva, producirase a súa renovación automática na relación de GID da UDC.

Un GID poderá ser eliminado da devandita relación polos motivos seguintes:

- a) por inactividade ou non presentación da memoria anual correspondente en forma e prazo,
- b) por solicitude de baixa por parte da persoa que o coordine,
- c) por solicitude de fusión con outro GID, e
- d) de se demostrar a comisión de fraude, plaxio ou falta de comportamento ético na súa actividade.

9. Recoñecemento para os/as integrantes dos GID

As persoas integrantes dun GID recibirán unha certificación acreditativa da súa pertenza ao grupo unha vez presentada e valorada positivamente a memoria anual de resultados do seu grupo.

A VOAID e o CUFIE encargaranse de lles dar visibilidade ás actividades dos grupos a través das páxinas web institucionais da UDC, así como de difundir as experiencias presentadas a través de foros, xornadas, actividades de formación e/ou divulgación etc.

A coordinación e a participación nun GID será recoñecida no Programa de avaliación da actividade docente (Docentia) e será un dos criterios de preferencia para acceder aos cursos do Plan de apoio ao ensino (PAE) do CUFIE.

Anexo I. Ficha de rexistro de grupos de innovación educativa

NOME DO GRUPO:

Prema aquí para escribir texto.

DATOS DO/A COORDINADOR/A:

Nome e apelidos: Prema aquí para escribir texto.

DNI: Prema aquí para escribir texto.

Departamento: Prema aquí para escribir texto.

Categoría profesional: Prema aquí para escribir texto.

Teléfono: Prema aquí para escribir texto.

Correo electrónico: Prema aquí para escribir texto.

TIPOLOXÍA DO GRUPO:

☐ De nova creación

☐ Procedente da fusión de outros grupos. Indicar cales: Prema aquí para escribir texto.

INTEGRANTES:

Membros da UDC (deben incluírse os seguintes datos: nome e apelidos, DNI, departamento, categoría profesional, teléfono e correo electrónico)

Prema aquí para escribir texto.

Membros colaboradores (deben incluírse os seguintes datos: nome e apelidos, DNI, categoría profesional, teléfono, correo electrónico, centro ou institución a que pertence e tipo de bolsa no caso dos bolseiros)

Prema aquí para escribir texto.

LIÑAS DE INNOVACIÓN DOCENTE A QUE SE ADSCRIBE O GRUPO:

Prema aquí para escribir texto.

BREVE DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS QUE O GRUPO PRETENDE ACADAR:

Prema aquí para escribir texto.

**RESUMO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLOS MEMBROS DO GRUPO RELACIONADAS
COA INNOVACIÓN EDUCATIVA:**

(cursos de formación recibidos ou impartidos, proxectos de innovación, publicacións, premios recibidos, relatorios en congresos etc.)

Prema aquí para escribir texto.

A Coruña/Ferrol de 20.....

Asinado:

Coordinador/a do grupo de innovación educativa



Anexo II. Comunicación de baixa dun GIE

NOME DO GRUPO:

Prema aquí para escribir texto.

DATOS DO/A COORDINADOR/A:

Nome e apelidos: Prema aquí para escribir texto.

DNI: Prema aquí para escribir texto.

Departamento: Prema aquí para escribir texto.

Categoría profesional: Prema aquí para escribir texto.

Teléfono: Prema aquí para escribir texto.

Correo electrónico: Prema aquí para escribir texto.

MOTIVOS POLOS QUE CAUSA BAIXA O GRUPO:

Prema aquí para escribir texto.

A Coruña/Ferrol de 20.....

Asinado:

Coordinador/a do grupo de innovación educativa

VICERREITORÍA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE